

Reportaxe fotográfica:

Resposta fotográfica.



Núcleos de Identidade Litoral

Aprobación provisional e definitiva

Número de ficha: 1

Núcleo de Identidade Litorânea

Castrexé

Parroquia: **San Xoán de Sardiñeiro**

Superficie: **702.587,80 m²**

Clasificación do Solo: **SNR, SRPC, SRPEN, SRPA, SRPAg.**

Descripción:
O núcleo de identidade de Castrexo atópase ao norte do concello de Fisterra, en contacto co Océano Altántico, rodeado de parcelas para a produción agrícola e recuado en certa medida do bordo litoral pola existencia na súa fronte dun tramo areoso de costa, recollido no Inventario de Espazos Naturais da Rede Natura 2000. Castrexo identifícase como un conxunto de edificacións tradicionais, que conforman un trazado irregular con rúas estreitas. A maioría das edificacións son vivendas unifamiliares apegadas, áinda que tamén existen algunas edificacións illadas. Estas reservan fundamentalmente dúas alturas para o uso residencial, deixando as edificacións auxiliares para a labranza e a pesca. A tipoloxía característica da fachada conta en planta baixa con porta de acceso adintelada e ventás rectangulares vidradas e na segunda planta conta con ocos regulares con formas rectangulares. Cubertas a dúas augas, áinda que algunas illadas son a catro augas, utilizando como material de cubrición a tella (nalgúns casos curva, outros plana). Os hórreos, que soen ser de pedra, contan con cubertas a dúas augas e pináculos ornamentais.
Castrexo, é un elemento clave desde o que se propón unha ambiciosa estratexia de revalorización dos espazos costeiros. Presenta factores de interese, ademáis do propio núcleo, como o recorrido do Camiño de Santiago ou o hábitat de xunqueira en torno á Praia do Rostro, pertencente á ZEC Costa da Morte. Neste espazo, cun nivel de conservación aceptable, albergase unha zona de dunas, fixas e móbiles, e a desembocadura dun pequeño regato, que chega á área en forma de charca.
Responde a unha configuración de asentamento tradicional cuxa localización estratégica no bordo costeiro lle confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. O delimitado como Núcleo de Identidade do Litoral (NIL) abarca, non só o Solo de Núcleo Rural de Castrexo, senón tamén os solos que o rodean, entre os cales se atopa o Solo Rústico de Protección Agropecuario no que se pretende protexer as vistas do núcleo tanto desde a terra coma desde o mar, o Solo Rústico de Protección de Costas, Protección de Augas e Protección de Espazo Natural, nos que se ten por finalidade salvagardar aqueles valores identitarios e característicos desde o punto de vista xeomorfóxico, ecológico e paisaxístico.

Sector: Costas de Touriñán e Fisterra

Unidade da paisaxe: Praia do Rostro

Tipoloxía: Costa dos grandes complexos sedimentarios

Praias: Rostra

O ámbito do núcleo rural de Castrexo, pertencente á zona de mellora ambiental e paisaxística, por ser o espazo rural máis directamente asociado á costa. Son zonas nas que se fai necesario conservar, e no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoas de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto polas DOT.

O resto do solo delimitado dentro do NIL pertence a zonas de protección costeiras, zonas de mellora ambiental e paisaxística, corredores ecolóxicos e espazos de interese nos que se debe preservar dentro da paisaxe litoral próxima á costa, esos espazos cun elevado valor natural, ambiental e paisaxístico.


A ordenación establecida no ámbito do NIL xorde da aplicación dos principios contidos no artigo 45 do Plan de Ordenación do Litoral para estes ámbitos.



Núcleos de Identidade Litoral

Aprobación provisional e definitiva

Abri 2020



Reportaxe fotográfica:

Fonte da foto obliqua, Plan de Ordenación do Litoral,
<http://www.xunta.es/litoral/web/index.php/descargables>



Número de ficha: **2**

Núcleo de Identidade Litoral:

A Insua - Fisterra

Parroquia: **Santa María de Fisterra**

Superficie: **1.078.521,00 m²**

Clasificación do Solo: **SU, SRPC, SRPPC, SRPP, SRPEN, SRPA, SRPAg.**

Descripción:

Ao sur do concello de Fisterra, correspondéndose co último terreo densamente edificado antes da chegada ao Cabo Fisterra, atópase o núcleo de identidade de A Ínsua e Fisterra. En contacto co Océano Atlántico polo leste e polo oeste, este asentamento está recuado en certa medida do bordo occidental debido á existencia na súa fronte dun tramo areoso de costa, recollido no Inventario de Espazos Naturais da Rede Natura 2000.

Fisterra é o principal núcleo do concello, punto focal para a localización dos equipamentos municipais. O feito de ser un núcleo tradicional presenta un conxunto recargado de casas mariñeiras en rúas estreitas que se protexen dos ventos e rodeadas, cara a A Ínsua, de hortos delatan a condición de mariñeiros e campesiños dos seus veciños-, ademáis de ser posuidor dun pequeno porto tradicional de pesqueiros, que na actualidade alberga o punto de maior actividad do núcleo. No interior deste núcleo, crecido en anfiteatro sobre o porto, as súas casas e estreitas rúas son dunha gran orixinalidade, que envolven entre elles apreciadas mostras arquitectónicas: como exemplo temos a Igrexa de Santa María das Areas ou o Castelo de San Carlos, así como exemplos de vivendas con arcos góticos, con escudos, capelas, cruceiros, fontes, etc.

A Ínsua identifícase como un conxunto de edificacións tradicionais, que conforman un trazado irregular con rúas estreitas. Na súa maioría trátase de vivendas unifamiliares entre medianeiras, aínda que tamén existen algunas edificacións illadas. Estas reservan fundamentalmente dúas alturas para o uso residencial, deixando as edificacións auxiliares para a labranza e a pesca. A tipoloxía característica da fachada é a de paramentos rebocados e pintados, se ben nalgúns casos, mantéñense algunas pezas da cantería orixinaria. Cubertas principalmente a dúas augas, empregando como material de cubrición a tella cerámica. Ademáis, este núcleo alberga tamén diversas mostras do patrimonio cultural de Fisterra, como fontes, lavadoiros e cruceiros, merecedores da súa conservación. Considerado integralmente, o conxunto de A Ínsua-Fisterra permite recuperar a variedade do litoral como un elemento enriquecedor e xerador de oportunidades. Isto poderá darse na medida en que o conxunto se perciba como parte dun todo máis amplio e interconectado, de forma que se poidan potenciar as complementariedades e sinxerías necesarias para que poida salientar as accións coerentes coa súa vocación sen xerar debilidades ou perder oportunidades de desenvolvemento, senón aumentándoas na medida en que se incrementen as súas fortalezas ao participar nas dinámicas dos restants núcleos. Farase incápé, polo tanto, nas operacións de renovación dos espazos xa construídos, reutilizánndoos e incorporando novos usos como alternativa sempre preferible á expansión das zonas urbanizadas cara fronte costeira.

Sector: **Seo de Corcubión**

Unidade da paisaxe: **Fisterra**


Tipoloxía: **Vertentes de pendente moderada**

Praias: **Corveiro e Ribeira**

A totalidade do ámbito NIL, está dentro dos espazos de interese definidos no Plan de Ordenación do Litoral, por posuir unhas características singulares e homoxéneas que a fai merecedora dun especial recoñecemento.


Ademais, parte dos terreos recollidos no NIL pertenecen a zonas de protección costeira, zonas de protección intermareal e zonas de mellora ambiental e paisaxística, nos que se debe preservar dentro da paisaxe litoral próxima á costa, eses espazos cun elevado valor natural, ambiental e paisaxístico.

A ordenación establecida no ámbito do NIL xorde da aplicación dos principios contidos no artigo 45 do Plan de Ordenación do Litoral para estes ámbitos.



Reportaxe fotográfica:

Referencia fotográfica:



Número de ficha: 3

Núcleo de Identidade Litoral:

Sardiñeiro

Parroquia: **San Xoán de Sardiñeiro**

Superficie: 1.197.356,00 m²

Clasificación do Solo: **SU, SUD, SNR, SRPC, SRPPC, SRPF, SRPAg, SRPI.**

Descripción:
Ao nordeste do concello de Fisterra, entorno á desembocadura do Rego do Medio, atópase o núcleo de identidade do litoral (NIL) do conxunto de Sardiñeiro. Resgardado dos fortes ventos, Sardiñeiro conta con espectaculares vistas de toda a ría de Fisterra. O conxunto de Sardiñeiro recolle o núcleo urbano de Sardiñeiro de Abaixo, entorno ao Camiño de Santiago, e exténdese por unha vaguada cara ao interior, ao remate da cal se atopa o núcleo rural de Sardiñeiro de Arriba, de menor entidade. Entre estes dous polos, e na ladeira do Monte Seoane, alberganxe diferentes elementos representativos do núcleo, con gran valor arquitectónico e cultural: como a Igrexa de San Xoán de Sardiñeiro, a casa reitoral ou o cruceiro.

Polo tanto, o NIL do conxunto de Sardiñeiro pretende configurar unha fachada marítima de calidade, que se extende cara ao interior, asegurando unha servidume de tránsito continua e cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo. O núcleo de Sardiñeiro de Arriba identifícase como un conxunto de edificacións tradicionais, que conforman un trazado irregular con rúas estreitas. Na súa maioría trátase de vivendas unifamiliares illadas de planta rectangular. Estas reservan fundamentalmente dúas alturas para o uso residencial, deixando as edificacións auxiliares anexas para a labranza e a pesca. A tipoloxía característica da fachada é a de paramentos rebocados e pintados, se ben nalgúns casos, mantéñense algunas pezas da cantería orixinaria. Cubertas principalmente a dúas augas, empregando como material de cubrición a tella cerámica. Ademáis, este núcleo alberga tamén diversos hórreos e un lavadoiro merecedores da súa conservación.

Máis ao sur, o núcleo de Sardiñeiro de Abaixo expón o seu carácter máis urbano, que se pon de manifesto na tipoloxía edificatoria. Neste caso, predominan as vivendas apegadas e a medida que se sae do centro do núcleo, comezan a aparecer algunas vivendas illadas. Estas últimas continúan mantendo as dúas alturas para uso residencial, mentres que no centro aparecen usos comerciais en planta baixa e aumentanse as alturas das edificacións ata tres. A tipoloxía característica da fachada non varía, áinda que o número de edificacións con mostras da cantería orixinaria é moi menor. Porén, este núcleo alberga tamén diversas mostras do patrimonio cultural merecedores de protección, como cruceiros, hórreos ou algunas vivendas.

Sector: Seo de Corcubión

Unidade da paisaxe: Praia do Sardiñeiro

Tipoloxía: Vertentes de pendente moderada

Praias: Sardiñeiro e Restrelo

O NIL do concxunto de Sardiñeiro, pertencente na súa maioría á zona de ordenación, por ser asentamentos ligados visual e funcionalmente á paisaxe litoral. Tamén existen amplas zonas de mellora ambiental e paisaxística nas que se fai necesario conservar, e no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto polas DOT.

O resto do solo delimitado dentro do NIL pertence a zonas de protección costeira, zonas protección intermareal e corredores ecolóxicos nos que se debe preservar dentro da paisaxe litoral próxima á costa, esos espazos cun elevado valor natural, ambiental e paisaxístico.

A ordenación establecida no ámbito do NIL xorde da aplicación dos principios contidos no artigo 45 do Plan de Ordenación do Litoral para estes ámbitos.